



CIRCULAR 12/2006 POLA QUE SE ESTABLECEN AS TITULACIÓNS QUE DEBERÁ POSUÍR O PROFESORADO QUE IMPARTA DOCENCIA NAS ESCOLAS DE MÚSICA E DE DANZA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O artigo 8 da Orde do 11 de marzo (DOG do 22 de abril) pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o profesorado das escolas de música e danza deberá posuír a titulación correspondente ao grao medio de música e danza.

A indefinición do citado artigo 8 ao referirse á titulación xenérica de “grao medio” obriga a establecer de xeito pormenorizado todas aquelas titulacións dese nivel, con independencia do plan de estudos do que se trate.

1. O profesorado das escolas de música deberá posuír algunha das seguintes titulacións ou reunir tódolos requisitos necesarios para a súa expedición:

a) Título superior de música establecido no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Título profesional de música establecido no artigo 50 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

c) Título de profesor superior ou título de profesor do plan de estudos que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música.

d) Título de profesor ou título profesional do plan de estudos que regula o Decreto do 15 de xuño de 1942.

2. O profesorado das escolas de danza deberá posuír algunha das seguintes titulacións ou reunir tódolos requisitos necesarios para a súa expedición:

a) Título superior de danza establecido no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Título profesional de danza establecido no artigo 50 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

c) Estudos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, declarados equivalentes polo artigo 1 do Real decreto 600/1999, do 16 de abril.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edf. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 – Santiago de Compostela
Tif.: 981544400 Fax: 981546551

d) Credencial pola que se declaren equivalentes ao grao medio os estudos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, de acordo co establecido polo artigo 2 do Real decreto 600/1999, do 16 de abril.

3. O ámbito de formación de música e movemento para nenos e nenas entre catro e oito anos poderá ser impartido por un mestre especialista en educación musical.

Santiago de Compostela a 14 de xullo de 2006

O Director Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas especiais

Antonio Vázquez Vázquez



Edu.Xunta.es